

Primaria

Lingua 3

Programación

Unidade 8

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

A illa remeira (1)

Descrición da unidade

Esta vez a unidade comeza cun cómic, que continuará na unidade seguinte. A peculiaridade deste formato, que combina texto, imaxe e humor, de seguro espertará o interese do alumnado, ao tempo que servirá para introducir o campo semántico que se aborda no apartado de Vocabulario: o exercicio físico. Coa illa e o deporte como marco, desenvolveranse despois os contidos das demais seccións, con abundantes actividades para fixalos mellor.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido ao exercicio físico.
- Os prefixos.
- Identificación dos demostrativos como un tipo de determinante.
- Palabras con v.
- Organización dun plan.
- Características do conto: espazo e tempo.
- Aspectos do patrimonio natural e cultural.

Temporalización:

Febreiro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar correctamente o léxico referido ao exercicio físico.
- Formar palabras derivadas por prefixación.
- Recoñecer e utilizar os determinantes demostrativos, así como as súas contraccións.
- Escribir correctamente palabras con v e evitar as interferencias co castelán.
- Identificar e espazo e o tempo como elementos básicos dos contos.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Audición do cómic e da canción do apartado «Escoito e falo» cunha actitude favorable. • Lectura e comprensión dun cómic. • Adquisición de novo vocabulario referido ao exercicio físico e formación de palabras derivadas mediante prefixos. • Identificación dos determinantes demostrativos e formación das súas contraccións. • Palabras con <i>nh</i>. • Organización dun plan. • Características do conto: espazo e tempo. • Coñecemento do patrimonio cultural e natural: o Día da poesía e o Día da Árbore. 	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un cómic con fluidez e comprensión.	2.1. Le un cómic con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun cómic e responde cuestións de comprensión.
	3. Aumentar o vocabulario referido ao exercicio físico e identificar palabras derivadas por prefixación.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ao exercicio físico e palabras novas. 3.2. Forma palabras derivadas a partir doutras dadas engadindo certos prefixos.
	4. Introducir conceptos gramaticais básicos: os determinantes demostrativos.	4.1. Recoñece e aplica os determinantes demostrativos, así como as súas contraccións.
	5. Escribir correctamente palabras con <i>v</i> .	5.1. Escribe correctamente palabras con <i>v</i> e evita as interferencias co castelán.
	6. Expresar vivencias e proxectos.	6.1. Fala de vivencias e desexos propios.
	7. Interiorizar as características básicas do conto: o espazo e o tempo.	7.1. Identifica o espazo e o tempo como elementos básicos dos contos.
	8. Aprender algúns aspectos do patrimonio cultural e natural.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos do patrimonio cultural e natural.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgúñas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avilables	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA.
2.1. Le un cómic con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Suxestións metodolóxicas da PD.
2.2. Comprende o sentido global dun cómic e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ao exercicio físico e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 1 de reforzo dos RF. • Actividades propostas na PD.
3.2. Forma palabras derivadas a partir doutras dadas engadindo certos prefixos.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 2 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
4.1. Recoñece e aplica os determinantes demostrativos, así como as súas contraccións.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 3 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF.
5.1. Escribe correctamente palabras con v e evita as interferencias co castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 4 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD. • CD-Audio do LA (ditado).
6.1. Fala de vivencias e desexos propios.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 4 de ampliación dos RF.
7.1. Identifica o espazo e o tempo como elementos básicos dos contos.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 5 de reforzo dos RF. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos do patrimonio cultural e natural.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Suxestións metodolóxicas da PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
	Manexar elementos de comunicación non verbal nas diversas situacións comunicativas.	Canta unha canción e acompañaa con xestos.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto ao exercicio físico.	Recoñece a importancia de coidar a saúde.
	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
	Identificar e manipular elementos matemáticos en situacións cotiás.	Valora a importancia dos datos numéricos para situar acontecementos no tempo.
	Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.	Coida o contorno ambiental. É consciente dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e das repercusións para a vida futura.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.

	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica Valora o apoio visual para a correcta interpretación dun cómic.
	Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.	Elabora textos propios a partir da información obtida na Rede.
<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Manexa o dicionario e consulta información na Rede.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no desenvolvemento dunha actividade.	Organiza unha actividade e xestiona os recursos necesarios.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico, creativo, emocional e interdependente.	Desenvolve un pensamento propio e expresa as súas ideas, proxectos, desexos, etc.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Mostra iniciativa e implícase no coidado do contorno.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia.	Utiliza o diálogo como vehículo de comunicación e entendemento.
	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Establece unha escala de valores con criterio propio e é consecuente con ela.
	Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa.	Participa con interese no coidado do patrimonio natural.

	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora a amizade como unha relación interpersoal básica. Valora, respecta e coida os espazos naturais.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	Desenvolve a desinhibición necesaria para cantar e expresarse mediante a linguaxe corporal.
	Mostrar iniciativa persoal para organizar actividades.	Mostra autonomía na planificación de proxectos.
	Optimizar o uso de recursos materiais e persoais no desenvolvemento dunha actividade.	Xestiona os recursos con eficacia.
	Configurar unha visión de futuro realista e razoada.	Imaxina e elabora proxectos de acordo cuns criterios fundamentados.
	Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades.	Pide axuda se a necesita.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida a presentación nas actividades desenvolvidas.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Goza coa poesía e coa riqueza do contorno natural.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o cómic no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD.

Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido ao exercicio físico no LA e co apoio do dicionario.
- Traballamos a formación de palabras mediante prefixación.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos no LA a identificar determinantes demostrativos e a formar as súas contraccións.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA o uso do *v*.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a organizar plans.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos coa ficha de ampliación dos RF.

Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA a recoñecer o espazo e o tempo nos contos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD e coa ficha de ampliación dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.
- Completamos con actividades da PD.

Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos no LA aspectos culturais comúns a varios lugares do mundo.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Deberán reforzarse as habilidades de comprensión lectora e de expresión, tanto oral como escrita, mediante as diferentes modalidades textuais que se ofrecen na unidade.
- Cómpre reparar nas peculiaridades do cómic e no apoio para a comprensión do texto que significan elementos como: as cores, os xestos dos personaxes, as cartelas do narrador, os globos (con diferentes formas segundo o modo de expresión que se queira transmitir), etc.
- Así mesmo, convén fomentar o aspecto lúdico da linguaxe, mediante as cancións, as actividades de creación, «A caixa dos contos»...
- Coma sempre, é fundamental fixar hábitos de traballo e habituar ao alumnado ao manexo correcto do dicionario.
- Tamén, é importante reforzar os contidos que ofrezan maior dificultade para os alumnos con abundante práctica.
- Suxerimos aproveitar o campo semántico da unidade para fomentar uns hábitos de vida saudables. Se na unidade anterior falabamos da dieta equilibrada, nesta farémolo da importancia do exercicio físico e das actividades ao aire libre.
- E en relación co aire libre, débese facer fincapé na nosa responsabilidade en relación co coidado do medio. Neste sentido, serán de moita utilidade as actividades competenciais que se propoñen na última páxina da unidade.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- A caixa dos contos.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
 - Gloria Sánchez: *Dez piratas*, Ed. Alfabeta-Obradoiro, col. Infantil-Xuvenil.
 - Jacobo Fernández: *Marcopola (1). As orixes de Marcopola*, Edicións Xerais.
 - María Reimóndez: *Lía e as zapatillas de deporte*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - María Victoria Moreno: *Mar adiante*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - Xesús Santos Suárez: *A fraga (des)animada*, Ed. Ir indo, col. Nabarquela.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiabes.
- Información de interese:
 - O reino dos contos: <http://www.oreinodoscontos.com>
 - Recursos para o Día da Poesía:
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/439>
 - «As nosas árbores», traballo realizado por alumnos do CEIP San Francisco Xabier, da Coruña:
http://centros.edu.aytolacoruna.es/sfxabier/nosas_arbores.htm
 - Caderno verde: <http://www.cadernoverde.com/index.php?r=site/index>

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?